

EL VAI BEN ASÍ: PERVIVENCIA E CONSTRUCCIÓN DE EL INVARIABLE

ROSARIO ÁLVAREZ
Universidade de Santiago de Compostela

Os pronomes persoais de 3P caracterízanse normalmente por seren substitutos de frases nominais (FN) ou oracións, fronte ós de 1P e 2P, autónomos e non substitutos, que nomean as persoas que participan no acto de comunicación, respectivamente o locutor (en pl., o grupo en que este se inclúe) e o alocutario (en pl., máis dun alocutario ou o grupo en que este ou estes se inclúen sen a presenza do locutor). Consecuencia disto é que nos pronomes de 1P e 2P o xénero é manifestación dunha oposición ‘masc. / fem.’ -haxa diferencias formais ou sincretismo-, cunha escolla determinada en cada caso polo sexo dos participantes, mentres que a variación da 3P está condicionada polo xénero (masc. ou fem.) e o número (sg. ou pl.) do N da FN substituída. Mais pode ocorrer que o sintagma substituído careza de xénero, e en tal caso empréganse as formas extensivas (invariables: masc. canto ó xénero, sg. canto ó número), toda vez que no galego común non prosperaron formas diferenciadas para o ‘neutro’ (entendido como ‘nin masc. nin fem.’; para a decadencia de *elo*, *vid.* Álvarez [2000]).

Agora ben, os pronomes persoais de 3P, coma os demostrativos e outros pronomes determinantes (*vid.* Álvarez & Xove [2001]), poden ser usados tamén como formas autónomas, non substitutas, referidas á realidade circundante ou correferentes con algún elemento contextual. Nomean adoito persoas e varían en xénero e número consonte sexa o

referente (p. ex.: *¿Quen é ela?* ‘¿quen é esa persoa de sexo feminino que está aí á nosa vista?’), e o mesmo ocorre cando se refiren a entidades non persoais ou non animadas se o locutor ten presentes o sexo do referente ou o xénero do substantivo con que se nomean habitualmente (p. ex.: *¿Ela é cortadora?* ‘esta navalla que acabo de coller do mostrador no mercado’). En cambio, cando non é posible establecer esta relación de xénero -ou o locutor renuncia a ela-, funciona como forma autónoma ‘neutra’ do pronome persoal a forma invariable *el* (como forma extensiva, membro non marcado nas oposicións de xénero e número: masc. e sg.); é evidente a relación co antigo pronome autónomo *elo*, pero debe terse en conta que na lingua antiga xa existía *el* invariable como forma en certo modo complementaria de *elo* (*vid.* Álvarez [2001]). En todo caso, nestas condicións o uso do pronome persoal nunca é obrigado, e na práctica é moito menos frecuente cá omisión de todo pronome ou cá presenza dalgún dos demostrativos; de por parte, como veremos ó longo deste artigo, o uso de *el* invariable vese aínda máis limitado por pertencer a variedades lingüísticas conservadoras e por formar parte de construcións moi particulares¹.

A tradición gramatical galega acolle algunhas destas construcións xa desde Saco, pero en xeral non é moi explícita nin moi concreta na súa descrición, e non son poucos os autores que nin as mencionan; tampouco son moi precisas, e non sempre facilmente interpretables, as informacións relativas á súa incidencia. Así, non resulta doado saber se a frase de Saco “y suele ser el principio de toda interrogación” se refire a que é habitual no inicio de cada interrogación ou a que atinxe a tódolos tipos de interrogación, interpretación esta última avalada polo engadido “cualquiera que sea el sujeto del verbo” (Saco 1868:161). O feito de que non reapareza nas descricións

¹ Esta investigación inscríbese no marco dos proxectos "Gramática descrittiva da lingua galega" (PB94-0656) e "Sintaxe descrittiva da lingua galega" (PN97-64100), que se desenvolven no Instituto da Lingua Galega (USC) con financiamento da DGICYT e da DGES, respectivamente.

gramaticais ata a gramática histórica de García de Diego (1909) pode ser atribuído á súa infrecuencia, mais tamén a que se deixase fóra da descrición da lingua normal, ben por considerala vulgarismo, dialectalismo, etc., ben porque non tiña equivalente nas gramáticas españolas que servían de guía. Recóllena Carré e Carballo, que seguen sempre fielmente a Saco, mais en tanto que o primeiro comenta que só se usa “algunas veces” (Carré 1967:136), no segundo só percibimos indirectamente que non considera normal ningún destes usos (con todo, respecto do impersoal conclúe: “Expresión muy castiza, no es, sin embargo, obligatoria, y su huella literaria es más bien leve”, Carballo 1979:300), porque se demora en explicar por medio dunha análise sintáctica o coñecido exemplo de Curros (“Mentira ou verdade, il corre...”), non só na *Gramática* (1979:300) -onde polo xeral faltan explicacións deste tipo-, senón antes na súa *Historia* da literatura (1963:383-84); confirman esta valoración expresións do tipo “en un escritor de nuestros días hallo” ou “véanse estos ejemplos de Leiras Pulpeiro”, usadas como garantía de autenticidade, e maila alusión ó parecido do francés como aval románico de prestixio. A ausencia na lingua literaria é tamén salientada por Alonso Montero (1966:IV.2.D.3), para quen o seu emprego pon de relevo a "sutileza lingüística" de Curros. O certo é que todos son conscientes da “rareza” gramatical da construción, se ben non sempre a fan explícita: Saco (1868:161) advirte que ‘*el* interrogativo’ non ten equivalencia en español, o mesmo ca Alonso Montero (1966:IV, n.28); ambos, con García de Diego (1984:108) e Carballo (1975:390), aluden a construcións francesas equivalentes, procurando así un apoio externo indiscutible; García de Diego (*Ib.*) informa de que o uso como interrogativo existe tamén en asturiano e mirandés, e mais doutros usos románicos; Veiga vai ás orixes históricas e chega á conclusión de que “Vista esta función del pronombre *il* en gallego, parece forzoso admitir que se trata de una pervivencia del mismo uso del pronombre latino *ille* en frases

del tipo *illud miror quod*.... Un caso de arcaísmo fenomenal” (Veiga 1966:493).

Polo que a nós toca, ocupámonos delas con anterioridade, en distintos momentos e con diversas perspectivas. Na primeira ocasión, no marco dunha descrición morfolóxica e sintáctica do pronome persoal galego, presentamos estes usos particulares de *el* distinguindo distintos tipos de construción: un ‘*el* pleonástico’, anafórico ou catafórico, diferenciando dentro del o que, sendo substituto, mantén relacións de concordancia do que se mantén invariable; un ‘*el* demostrativo’, no que percibiamos certa capacidade deíctica contextual e maila herdanza dalgúns usos do antigo pronome *elo*; ‘*el* reforzo interrogativo’, en íntima relación cos anteriores, situado como marca no inicio da curva de interrogación; ‘*el* en oracións impersoais’, que ocupa o lugar do suxeito gramatical en oracións con verbos unipersoais ou cos que en determinadas construcións se comportan como tales; e ‘*el* como apoio na narración’, presente sobre todo na modalidade asertiva, que actúa como un elemento de ligazón textual (Álvarez 1980:177-194). Volvemos sobre o tema a propósito da lingua de Cunqueiro, que presenta como característica a forte incidencia que estes usos teñen na súa prosa (Álvarez 1982:258-263)². En Álvarez *et alii* (1986:169), no curto espazo dedicado ás construcións con *el* invariable, reservámo-lo título ‘*el* pleonástico’ para as construcións en que o referente está nunha FN coa que non mantén relacións de concordancia (e, xa que logo, *el* non se comporta como o seu substituto), xebrándoas daquelas en que o pronome se refire a unha oración ou ó contexto, isto é, a sintagmas respecto dos cales non cabe a concordancia en xénero e número; e eles á parte de ‘*el* interrogativo’, ‘*el* con verbos unipersoais’ e ‘*el* apoio da narración’. Noutro lugar ocupámonos do ascenso e decadencia da antiga forma pronominal *elo* (Álvarez [2000]), e alí indicabamos que esta e

² Cfr. Varela 1993. De por parte, é sintomático que a maior parte dos exemplos aducidos polos distintos autores (véxase como mostra Meilán 1994 ou Freixeiro 2000) procedan do corpus cunqueiriano.

os seus equivalentes nos romances veciños sufriron desde a Idade Media unha evolución diverxente no oeste da Península: dunha banda, as variedades máis occidentais -isto é, galego, portugués e variedades occidentais do asturiano, como o dialecto vaqueiro³- eliminaron a forma diferenciada e ampliaron transitoriamente o abano funcional de *el*; doutra, o español e o asturiano consagraron *ello* e estendérono a novas funcións, e semella que esta diferenciación formal garantiu mellor a pervivencia. Finalmente, en Álvarez [2001] mostramos que hai rexistros de prep. + *el* invariable contemporáneos do maior apoxeo de prep. + *elo* na prosa tabeliónica e, sobre todo, que os primeiros testemuños de *el* invariable como Sux. son anteriores e máis abundantes cós de *elo*, que raramente tivo esta función.

Nesta contribución pretendemos mostra-lo grao de vixencia en galego moderno de *el* forma tónica invariable, tendo en conta as características das variedades lingüísticas en que se rexistra, e clasifica-las distintas construcións en que se emprega de acordo coa función que cumpre en cada unha delas. Baseámonos en corpora de tres procedencias distintas, que nos máis dos casos mostramos separadamente: os exemplos contidos en obras lingüísticas de distinto tipo, en especial en gramáticas e dicionarios da lingua estándar, que funcionan cun alto nivel de autoridade; rexistros escritos de diversos autores tirados de obras literarias dos séc. XIX e XX; e, sobre todo, un amplo corpus de exemplos tomados da lingua oral, por medio de monografías dialectais, de enquisas e de gravacións a galegofalantes espontáneos, cunha rede que se estende por todo o territorio.

Pervivencia na lingua moderna

³ Vallan como mostra “¿él suañas ou tas dispiertu?”, “¿el d’óu sirá esti muletu?”, tirados das *Composiciones en Dialecto Vaqueiro* (García Arias, ed.:1989, *apud* Martínez 1991:37). En portugués está fóra da norma culta actual: a esta luz e á das características tipolóxicas e cronolóxicas das fontes hai que valora-los rexistros que proporcionamos.

Trátase en calquera caso dun comportamento gramatical en franco retroceso, fóra da competencia de amplos sectores da poboación, sexa por idade, sexa por procedencia xeográfica. As escasas noticias da súa vixencia proporcionadas polas descrições dialectais na segunda metade do s. XX son subxectivas e, seguramente por iso, contradictorias: así, en Arante e Cedofeita (Ribadeo-LU), que centran unha das áreas onde sabemos por diversas vías que está máis vizosa, Baamonde (1977:11) subliña que son trazos da fala dos vellos; en cambio, Rivas informa de que nas terras de Maceda se usa a cotío (1989:169). En conxunto, os distintos autores inclínanse a presentar estes usos como trazo característico de persoas de idade avanzada.

Na actualidade *e/* invariable mostra aínda certa vitalidade en rexións das provincias do leste e practicamente desapareceu nas atlánticas (agás no S de Pontevedra), polo que non debe sorprender que a maior parte dos exemplos literarios aducibles sexan de escritores orientais, nin que os dous autores máis representativos destes usos sexan dous lugueses nados hai un século: Fole e, sobre todo, Cunqueiro. Aínda que non tódalas construcións se manteñen vivas por igual nin nos mesmos espazos xeográficos, podemos concretar que a área de maior uso actual comprende a banda oriental de Lugo, inclúe o territorio galego de Asturias, León e Zamora, e continúa pola provincia de Ourense e áreas contiguas de Pontevedra, especialmente polo sur; mais non se trata dun fenómeno con distribución diatópica, salvo no sentido de que o proceso de cambio comportou a desaparición máis temperá no occidente. Proba disto, e de que os raros exemplos coruñeses son restos dunha construción xeneralizada hai época relativamente recente, é a relativa abundancia de testemuños en textos escritos nas primeiras décadas do s. XIX, sobre todo no ambiente compostelán; vallan como mostra os seguintes:

Pero con todo eso que burros eran, cuidaban que seique no nos abiamos de ir abuscar aunque non biñesen aqui; *el* é verdad que non se presentaban pero ibamos nos à seis è oito leguas no seu encontro (*Proexas* 1810:15). Desíme Andruco: ¿*el* he certo que botaron da lí á ó Administrador que habia, que era el Castellano? (*Picaños* 1836:1). Si *el* non-che fora que informou ben ó Señor Astaris, non-che volvia para Noya ó Padre Visitador (*Chainsa* 1937:1). ¡Rabieira! ¿é *el* van para ló tantos cartos? (*Alameda* 1936:6). Bo pelo me puxô no pleyto de meu hirman: dou ó demo á él. | Pedro.- ¿*El* púxôcho él, ou Cataqui á mais ó Torto? (*Chainsa* 1937:6). ¿*E* *el* pondrannos en pas as Cortes? (*Alameda* 1836:5). BARTOLO.- ¿*E* *el* quen foi o xúes? | FARRUCO.- Foiche o de primeira instancia (...). | BARTOLO.- ¿*E* *el* que tal é ese xúes? (*Alameda* 1936:2).

A forma é *el* ou *il*, dependendo da área dialectal de que se trate, se ben hai indicios dunha certa especialización entre *el* invariable e *il* / *iles* (masc. substituto). Úsase adoito precedida da conx. *e*, que en grande parte da metade oriental do territorio, incluída a área de *il*, produce con este pronome a secuencia [jɛl]; un comportamento morfofonolóxico que podería explicar unha distinción entre *el* / *il* ou entre *èl* [ɛ] / *el* [e] -sendo a primeira unha forma invariable e a segunda a forma ordinaria do masc., oposta á fem. *ela* polo xénero-, que parece estar detrás da escolla de Cunqueiro (usa sempre *el* como invariable, mais nos outros casos alterna *el* ~ *il*; Álvarez 1982:247) e da descrición de Aníbal Otero (1977), que lematiza todas estas construcións baixo ÉL (o til ten valor diacrítico: vocal aberta), voz distinta de EL.

Construccions

As construccions en que se emprega *el* invariable en galego moderno son de moi diverso tipo. Entre elas podemos establecer dous grandes grupos, diferenciados porque nas do primeiro *el* cumpre ou pode cumprir unha función sintáctica oracional, aínda que sexa como redobro (§§ 1-6), en tanto que no segundo isto non é posible, porque hai outro elemento que inequivocamente cumpre esa función (§§ 7-12). Naturalmente, o feito de non cumprila función de Sux. ou outras funcións oracionais dentro do predicado non significa que careza de toda función (modalizador da oración,

modalizador que transmite a posición do emisor ó respecto da mensaxe, conector, etc.), e de feito a tipoloxía das diversas funcións gramaticais que pode cumprir constitúe un criterio de clasificación básico. Cabe así mesmo diferenciar aquelas construcións en que cumpre unha función pronominal (como forma autónoma, ou como un posible substituto de formas autónomas ou de unidades non frásticas), daquelas en que a deriva da lingua e as novas funcións asumidas a conduciron cara a outras clases de palabras. Na exposición que segue trataremos de describir cada unha das construcións, ben entendido que algunhas delas están directamente relacionadas entre si⁴.

1. É relativamente frecuente o uso de prep. + *el* como forma fórica de formas pronominais autónomas (coma *isto*, *algo*, *todo*, *moito*...) ou de sintagmas que carecen de xénero. É o correlato de *el(es)* / *ela(s)*, que se empregarían se o elemento en anáfora estivese marcado como masc. ou como fem., pero non son posibles neste caso; a presenza de *el* invariable alterna coa dos demostrativos “neutros” e coa omisión de todo pronome (“o que gana, a metade”):

O que gana, a mitá *del*, coma quen di, haillo que dar a Hacienda (Boiro-CO). Tráeme un cartón, unha táboa... *algo* para que poida cortar coa coitela enriba *del* (Pontevedra-PO). Mira, *¿todo o que* hai nese caixón pode andar Daniel *con el?* (Guitiriz-LU). *Esto* [a ferramenta de zoqueiro] eu, eu desfacíame *dil* de moi boa gana (O Saviñao-LU; Quiroga:334).

Na lingua moderna normal, non resulta admisible “o que gaña, a metade *delo*” (cfr. esp. “la mitad de ello”); segundo os casos pode ser máis ou menos aceptable a presenza de *iso*, non a doutros deícticos: *o que gaña, a metade diso, hai que...*, *¿algo para que poida cortar coa coitela enriba diso, *¿todo o que hai nese caixón pode andar Daniel con aquilo?, *¿todo o que hai nese caixón pode andar Daniel con isto?* A este respecto cómpre

⁴ En portugués popular *el* e en asturiano *ello* teñen construcións equivalentes, que consignaremos no lugar correspondente. Para a equivalencia dos nosos usos con algúns de esp. *ello*, e eventualmente *él* (“Él es mucho aventurar”), *vid.* Henriques 1939.

ter presente que *el* (coma *elo*) non é un deíctico, o que distingue esta forma autónoma das dos demostrativos; doutra banda, entre estes as formas de tipo II son as de significado menos preciso (‘non preto do locutor, non lonxe do alocutario’), e son tamén as máis usadas en referencias fóricas na lingua oral.

Como se advirte no derradeiro dos exemplos anteriores, *el* pódese referir a un sintagma topicalizado. Nestas condicións é tamén posible, se ben moito máis infrecuente, que o pronome se use sen prep., como Sux. correferente cunha frase destacada polas pausas no inicio; máis raramente, *el* Sux. pode ser correferente doutras formas autónomas presentes no contexto, sen necesidade de tematización:

Eso, eso..., el era cousa de... de viúdos (Cotobade-PO; Vidal 1994:XXI). *O demais, il* irá vindo (Maceda-OU; Rivas 1985:607).

Nunha casa, estando eu revolvendo no faío, ouvín un día grande boureo, i erguín a trapela pra ver que era *aquelo, i el* era que chegaba de visita unha señora que se chamaba madame Clamot (Cunqueiro, *CS*:75). *En isto* estaba eu mui ensinado, i *el* era que tiña que abrir o portón coa mán esquerda, namentras coa dereita quitaba a pucha, i estiraba o brazo un pouco cara atrás, baixando un chisco a cachola (Cunqueiro, *MF*:24).

2. O pronome *el* refírese ó contexto extralingüístico, maiormente sen posibilidade de mostración *ad oculos*, ou alude a elementos do contexto lingüístico previo, externos á súa oración, sen que se poida considerar substituto dun sintagma preciso, que en caso de existir como FN correferente non dicta a concordancia; é parcialmente equivalente ó *ello* “resumidor” do español (Keniston 1937:53; Henríquez 1939:212)⁵:

E beilabamos moito e había outra divirtición que non hai hoxe, que hoxe non a hai. *Il* vai ben así (O Irixo-OU). ¡Onde *el* vai! (‘Canto tempo hai

⁵ *Cfr.* este fragmento de A. M. Pires Cabral, autor portugués con trazos marcadamente trasmontanos [*ele* ‘o que quer que seja’]: ‘-É por aí *gato bravo, raposa* ou *doninba*, que anda a rondar a capoeira. Amélia, vai lá ver - ordena ela. | [...] | - Aqui tem a *doninba* - diz Amélia, numa explosão de riso que se comunica a todos. | Dona Irene julga que é mentira. | - *Ele* é a cigana!’ (Cabral, *CC*A:142).

disol'; Pontevedra-PO). E deixou quedar o pan no forno e mais a empanada, que *il* tamén era unha boa empanada (Cunqueiro; apud Rivas 1989:170).

E despois por riba poñíanse as mantas, porque daquela non había sábanas como hai hoxe. Eran estrados, chamábanlles estrados de liñ..., de palla e dormíamos coa cabeza *encima del* (Baleira-LU). E ó que lle solicitou axuda pra darlle unha boa leición á fachendosa da raposa. Tramaron *pra él*, levá-la raposa a unha terra en poulo, e colocarse un en cada punta (Ancares-LE; Poncelas:120-123).

Nos exemplos anteriores advírtese que a FN que ten por N *el* pode funcionar con ou sen prep., pero xeralmente *el* é Sux. dun verbo en P3, que nos máis dos casos é atributivo. Úsase do mesmo xeito ca algunhas FN equivalentes de significado neutro (*a cousa, o asunto...*), tan habituais nestas condicións coma os demostrativos autónomos, que non sempre son exactamente equivalentes (*¿El é verdade? = ¿Iso é verdade?, ¿E il non sería que...? = ¿E a cousa non sería que...?*). É unha construción relativamente frecuente, tanto na lingua escrita coma na lingua oral, mesmo recollida en dicionarios:

I *el* era unha verdade coma un templo (Valadouro-LU). -Pois verás... Eu... Eu... poño todos os días un ovo, talmente como os das pitas. | -¿*El* é verdade? (Sarria-LU; CPPL:57). *Il* será o pecado (Maceda-OU; Rivas 1985:597). *Il* parece unha seña (Maceda-OU; Rivas 1985:598). *El* é ela que chegou... (Rivas 1989:170).

O Villoés y-a súa muller [...] din que soyo teñen y-alma os que cren en Noso Señor e mail-a Virxen, pois os outros [...], e por eso van todos de cabeza, ô inferno. | -¿*Y-él* será certo, ay Villoés?, lle dixemos nos outros (Lence, EM:132). Mirade -decía a rapaza- cantas luces se moven polo Alto de Lúxara, máis pra acó de Bonxío... ¿*E il* será a Santa Compañía...? (Fole, TB:144). Detívose o coxo do farol, e por entre panos da néboa viña outra luz acaroándonos, i *el* era unha linterna de papel que portaba un home mui outo e fraco, de mestas barbas (Cunqueiro, CS:22). Pois, amigo de Dios, eu funlle cabo moitos médicos, algúns de moito nome, non despreciando a vosté, e ningún m'atinou coa miña enfermidade. Nin os médicos nin os manciñeiros, e ben sabe que os hai moi entendidos. Coidei si *el* sería a paletilla que tivese caída (Vilar Ponte, AM:50). REINALDO. (Dubidando.) ¿*E él* é certo? (Iglesia, FX:9).

El non será verdá, pero a min dixéronmo (Rodríguez:s.v. EL). *El* era unha época pouco agradable (GDXL:s.v. EL, ELA).

Emprégase tamén en sintagmas usados como resposta cortés a unha pregunta de signo contrario (para as mesmas

fórmulas solicitando conformidade en oracións interrogativas totais, *vid.* § 9a):

-¿Quere pescado? | -Ai, *el* non (O Riós-OU).

3. Ten un innegable gusto arcaizante, pero tamén certa frecuencia, unha construción en que o pronome *el* é catafórico dunha oración que funciona como unha FN dentro da oración principal, coma unha sorte de redobro dun suxeito posposto que por ser oracional non é masc. nin fem. (*cf.* fr. *il est vrai que...*, *c'est vrai que...*)⁶; a opción alternativa ó redobro con *el* é o non redobro, non a presenza doutras formas pronominais. É unha construción atributiva na que *el* mantén unha perfecta relación de concordancia co verbo e ocupa o lugar inicial, coma se se tratase da orde habitual Sux.-cópula-Atr., dando lugar a unha orde Sux.(pron.)-cópula-Atr.-Sux.(oración modotemporal con *que* ou, con menor frecuencia, oración de infinitivo). Este esquema atributivo é frecuente como un recurso modalizador que lle permite ó locutor presenta-la modalización como algo obxectivo, atribuíble a alguén indeterminado e externo a el (*ela non vai gañar* → *a verdade é que ela...*; *é verdade que ela...*, *el é verdade que ela...*); a oración que sintacticamente se presenta como dependente é a principal desde o punto de vista do significado⁷.

⁶ Esta característica afástao do presente noutros exemplos galegos e portugueses, nos que *el* se pode referir catafóricamente a un sintagma marcado polo xénero masc.: “*Ele* não pode ser leal / quem dá falinhas a tantas! *Ele* é sujeito gramatical e pleonástico, para introducir a oração de *quem*” (Moncorvo; Vasconcelos, 1961:180); o rel. *quem* concorda segundo o xénero do seu antecedente ou en masc. sg. se este non existe. Con todo, existen exemplos iguais ós galegos na lingua veciña: “*ele* é verdade que isto são horas de irmos embora” ‘the truth is that it is time for us to go’ (Dunn 1970:292). É equivalente tamén do esp. *ello es verdad que...*: “En el siglo XVI empieza a dársele a *ello*, como encabezamiento mecanizado de oración, el papel de sujeto impersonal que anticipa al verdadero, caso único y efímero en español, pero semejante a usos franceses, ingleses, alemanes” (Henríquez 1939:222); o mesmo autor di non atopar exemplos literarios deste uso despois de Valera.

⁷ Non rexistramos *el* noutras construcións en que o Sux. é tamén unha oración que segue de maneira normal ó verbo, coma as de *ser preciso*, *ser necesario*... (nin con verbos de significado semellante, como *cumprir*); *cf.*, en cambio, en esp. “*Ello* es menester que...”, “*Ello* es más preciso tener máscaras que sala donse colocarlas” (Henríquez 1939:222).

Esta construción con *el* tivo certa fortuna literaria e recóllese en gramáticas e dicionarios, como se mostra nalgúns dos exemplos aducidos; incluímos intencionadamente mostras en modalidades aseverativa e interrogativa, así como con verbos atributivos distintos de *ser*:

Il é millor deixá-lo (Cualedro-OU; Alonso Estravis:38). *El* parece que vai chover (O Riós-OU). -Boenos días, compadre. | -Boenos días, comadre. | *-Il* parece que anda moi triste (Calvos de Randín-OU; Cuevillas & Lorenzo 1930:62). *Il* semella que vai nevar (Rivas 1989:169). O señor Merlín alcendéu o mecheiro de cobre, e puxo a ferver a iagua de mandrágoras, i *el* é sabido *que pra que ista pranta teña todo o seu poder, é collida no campo baixo as forcas en que fai a súa xusticia El Rei* (Cunqueiro, MF:30). ¿*I el* non era fermoso *correr mundo?* (Cunqueiro, CS:143). *El* está visto *que ela non vai quedar de primeira* (DLG:s.v. EL). *El* é cousa sabida *que nestas datas todos pensan nas vacacións* (DRAG:s.v. EL). *El* é certo *que iso acontecéu* (Carré 1967:136). E *el* é ben triste *non terte coñecido antes* (GDXL:s.v. EL, ELA). *El* é certo *que botaron?* (García de Diego:108). ¿*E el* non é unha tristura *saber que fixemos tanto esforzo en balde?* (DRAG:s.v. EL).

Da relativa frecuencia de *el* neste contexto dá idea a comparación do mapa 166 de *ALGa II* (“¿*El* é certo *que iso aconteceu?*”) co mapa 167 do mesmo volume, onde se representa *el* como pura marca de interrogación, sen ningunha función sintáctica oracional, con moitos menos rexistros (“¿*El* tendes por aí un martelo que me poidades emprestar?”, § 9a).

4. É menos frecuente a presenza deste *el* catafórico en esquemas non atributivos, coma na pasaxe de Curros tantas veces citada (*cf.* port. (*ê*le) *corre por aquí* ‘it is said (or ‘rumored’) hereabouts’, Dunn 1970:427):

Mentira ou verdade, / *il corre* déndesd'a vila hastr'a aldea, / *que pra n'ou-
tono casárense* / *teñen a roupa xa feita* (Curros, AMT:14).

A oración redobrada intégrase noutra que, a pesar da posibilidade dun Sux. gramatical, semella impersoal porque deixa na máis absoluta indeterminación a persoa ou persoas que propalan o rumor (‘alguén botou a correr que...’ → ‘algo

corre⁸). Sobre o carácter catafórico deste *el* chamou a atención Amable Veiga nun breve pero atinado artigo, onde sinala que o gal. *el* ~ *il* se distingue de esp. *él* en que este só se pode dar en anáfora, pois a catafórica “es función que tal vez el sistema admita, pero que parece totalmente excluída de la norma” (1966:492); en cambio, engade, o exemplo de Curros demostra que en galego esta función catafórica pertence tanto ó sistema coma á norma. E fronte á equivalencia co francés, tan repetida (Saco, Carballo...), matiza que o uso galego se distingue do francés porque nesta lingua *je, tu, il...* “tienen función morfemática, esto es, cumplen el mismo oficio que las desinencias verbales” (*Ib.*), mentres que en galego, e en español, *eu / yo* e *ti / tu* teñen función enfática, distinta da morfemática que cumpren as formas verbais, e *el~il / él* son fóricos⁸. As opcións sintácticas que se presentan de inicio son ou ben *corre que* e *el corre que*, verbo intransitivo seguido da oración suxeito, que pode ser redobrada ou non, ou ben *corre que* e *córrese que*, cun *se* que bloquea toda posibilidade de determinación do axente e autoriza a interpreta-la oración de *que* como Sux. (voz pasiva) ou como OD (voz activa) nunha construción transitiva do mesmo verbo; daquela, a opción *el córrese que* pódese interpretar como *el* redobro do Sux. paciente ou como *el* Sux. formal, semellante ó que se atopa noutras construcións sen suxeito, coma as que se tratan a seguir.

5. O pronome *el* pode funcionar como Sux. formal -coma o morfo verbal de persoa e número- en oracións que na lingua normal presentan baleiro este lugar; o verbo é sempre P3 e a orde normal Sux.-V. As referencias a este uso en galego arrincan de Saco, que se limita a comentar que este *el* galego, coma o impersonal fr. *il*, “al frente de ciertas oraciones, como *il y a, il y avait, il parait que*, etc.” é “una

⁸ O carácter catafórico xa fora advertido por Carballo (1963:383-384), mais non coa precisión na análise e na comparación lingüística con que arrequeuta a descrición Veiga, e en todo caso non impediu que o usase como exemplo principal de “*el* sujeto impersonal” (Carballo 1975:300).

simple partícula expletiva” (Saco 1868:176n); e Carré, que fronte a outros gramáticos non fai ningunha alusión ó carácter ‘interrogativo’ de *el* (a pesar de que entre os exemplos inclúe unha oración interrogativa non impersonal, con verbo en P2pl.), dá conta en cambio de que o “pronome masculino” se emprega nas “oraciones impersonales algunas veces” (Carré 1967:136). O certo é que esta posibilidade funcional, que triunfou plenamente noutros dominios románicos e da que hai mostras no galego medieval (Álvarez [2001]), nunca chegou a consolidarse completamente en galego e hoxe son poucos os vestixios que quedan dela.

É en efecto un uso moi infrecuente, pero o bastante documentado no galego espontáneo, en distintos lugares, como para despexar calquera dúbida sobre a súa autenticidade e sobre a orixe popular da construción empregada de xeito característico por Cunqueiro ou Fole (fronte á suxestión de Varela 1993:69). De por parte, o relativo vizo que aínda mostra no galego auriense continúaase da outra beira da fronteira sur, onde diversos testemuños mostran que no portugués popular do norte é relativamente usual (“As orações de verbo impessoal apresentam-se, as mais das vezes, com o pronome *ele* a modos de sujeito aparente”, Sequeira 1957:187; *cfr.* tamén Lima 1963:232); doutra parte, gramáticos como Dunn (1970:427) e Vilela (1995:167) describénos como un trazo da lingua popular, sen caracterizala diatopicamente, frecuente segundo o primeiro e “com forte ênfatização” para o segundo, en tanto que Cunha & Cintra (1984:284) dan exemplos literarios de autores de diversas procedencias⁹.

Dentro deste marco xeral hai diferentes tipos de construción e a posibilidade e vixencia de *el* invariable como Sux. non atinxe por igual a todas elas:

⁹ En español, é un trazo característico de variedades latinoamericanas, atribuído -ignoramos con que base-, a unha consecuencia da perda dos trazos de persoa na flexión verbal, que impediría toda posibilidade de omisión dun Sux., e non á pervivencia dun trazo gramatical antigo, vixente no romance da época da expansión americana (Toribio 1993, *apud* Bosque & Demonte 1999:1244n).

a) En oracións con verbos unipersoais que se refiren a fenómenos da natureza teñen especial frecuencia os rexistros con *chover* (*cf.* fr. *il pleut*, al. *es regnet*, ing. *it rains*); existen exemplos semellantes en portugués popular¹⁰, pero non temos constancia da existencia de equivalentes nin en asturiano nin en castelán¹¹. É posible que o uso en galego estea limitado ademais por determinadas condicións sintácticas, pois non atopamos testemuños que contradigan a apreciación feita por Dunn (1970:427) para o port., segundo a cal a carón da dobre opción en (*êle*) *chove*, sempre se atopa *agora não chove* (aseverativa, negativa, non enfática):

¿E *el* choverá? (O Riós-OU). ¿*Il* chove? (Maceda-OU; Rivas 1985:593).
 ¿*El* chove? (Avión-OU; Cortizo 1998:15). Chovera *il* e chovera ('ogallá chovera') (Maceda-OU; Rivas 1985:599). ¿*El* non choverá? ¿Nonón, Firmino? (Ponteareas-PO; García Represas 1995:57).
El chove (DRAG:s.v. EL). *El* chovía miudiño (DLG:s.v. EL).

b) En oracións con *haber* (e *facere* en expresións temporais análogas), con verbo en P3 e un OD, que en condicións contextuais adecuadas pode omitirse (*cf.* fr. *il y a*; esp., anticuado ou dialectal, *ello hay...*, con exs. en Henríquez 1939:223)¹²:

¿*I-èl* hai policía? (Allariz-OU; ANF:143). ¿*Il* hai festa ou non? (Maceda-OU; Rivas 1985:593). *El* ha de haber, si dios quer [xente que o compre, o viño] (Ponteareas-PO; García Represas 1994:160). *El* hai máis ca antes (Ponteareas-PO; García Represas 1994:160). ¿*Il* hai qué comer, algo que comer? (Rivas 1989:170). -N-aquela casa hai moito que comer. Hai ovos,

¹⁰ “*Ele* chobe” (Matosinhos; Lima 1963:232). “*Bai* ber *s’ele* tchobe ainda.- Tchobe, tchobe”; “Debe a’star tudo alagado, ò qu’*ele* tem tchobido” (Sequeira 1957:187). “*Ele* já orvalha” (Guimarães; Vasconcelos 1928:221).

¹¹ Por suposto, as gramáticas do español moderno insisten en que estes verbos nunca teñen un suxeito pronominal (*cf.* Bosque & Demonte 1999:1220, 1225). Con todo, coma noutros casos, no Caribe é posible “*ello* quiere llover” (*Ib.*:1244n).

¹² *Cfr.* port. popular “(*êle*) há tantos”, “(*êle*) sempre há homens”, “(*êle*) sempre há patifes!” (Dunn 1970:427); “(*êle*) sempre há desgraças!”, “*Ele* sempre há coisas!”, “*Ele* haver bruxas há-as, embora os padres não queiram” (Vilela 1995:167); “*Ele* hõije sempre habia na feira cada cebal!” (Baixo Minho; Sequeira 1957:187); “*ele* há” (Matosinhos; Lima 1963:232). Con todo, en portugués, alomenos nalgunhas épocas e estilos, sobrepasou os marcos da lingua “popular”; véxase como mostra esta frase de C. de Figueiredo: “*Elle* ha crãneos tão impermeaveis...” (citada por Leite de Vasconcelos (1893²), a propósito doutro asunto, en *As “Lições de linguagem” do Sr. Candido de Figueiredo. Análise crítica*. Porto: Magalhães & Moniz:13n).

hai langüizas e hai pipas de viño. | -¿E *il* haberá pan? | -Pan tamén hai alí (Calvos de Randín-OU; Cuevillas & Lorenzo 1930:52).

Il haberá vinte anos, antes máis que menos... (Fole, *TB*:81). Unha tarde chuviñosa e neboenta do outono, *il* fará case vinte anos, veume visitar don Ramón (Fole, *TB*:132). ¿E *il* haberá en Monforte un bon médico, que tamén entenda de tolos? (Fole, *CN*:48). ¿E logo, *il* haberá folga de médicos? (Castelao, *apud* Rivas 1989:170). Eu quero saber si *el* *hai* moita diferenca entre o vivo e o pintado (Cunqueiro, *XAA*:10)

El haberá quince ou dezaseis anos que casaron (*DRAG*:s.v. EL). *El* haberá quince días que marchou (*GDXL*:s.v. EL, ELA).

c) A elas aseméllanse outras construcións de significado semellante nas que hai un sintagma que, situado tralo verbo, funciona como Sux. e non como OD ou Atributo. Son oracións con *ir* (*el vai moito que...*) e, de xeito especial, construcións atributivas que permiten identificar un momento ou unha efeméride (*el foi cando...*)¹³ ou construcións atributivas que localizan temporalmente (*el era mediodía*), interpretadas coma se non tivesen ocupado o lugar do Sux. (*cf.* fr. *il est deux heures*):

E entonces *il* foi cando o rei lle mandou construír a torre esta (Sarría-LU; López:26). Entonces, *el* era o día primeiro de xaneiro, e subiu á misa (Pedrafita-LU; Roux:151). *Il* é o 20 de Novembro (Cualedro-OU; Alonso Estravis:38). E *el* era unha noite de luna (Mondoñedo-LU). *El* xa é día? (Prieto, *CV*:151). Onde *il* vai que non chove (Maceda-OU; Rivas 1989:169).

E el era unha noite de xeadá (*DRAG*:s.v. EL). E pois, *el* era unha vez un home que tiña catro fillos... (Carré 1967:172). *Il* é de inverno... (Rivas 1989:170).

d) Cando se procura a localización dunha entidade definida, emprégase o verbo *estar* (*¿Onde está a oficina de correos?, ¿Onde está Maruxa?*), sendo a FN que o segue o seu suxeito. Nesta construción a penas se emprega como Sux. o pronome 3P, infrecuente en todo caso referido a entidades [–animado], porque para a súa presenza se teñen que dar dúas condicións: que este remita ó contexto previo inmediato

¹³ En port. do norte, “Ó mulher, *ele* já será meidia?”, “*Ele* sempre bai ésti áno um calor!”, “Não qu’*ele* é munto tarde p’ra lá irnos”, “Óilha qu’*ele* já nũ é nada cedo” (Sequeira 1957:187). En port. o uso esténdese mesmo a construcións coma “*ele* costuma” (Matosinhos; Lima 1963:232), do que non temos testemuños en galego.

(doutro xeito sería preciso mencionar explicitamente a entidade que se quere localizar) e que haxa unha vontade informativa de marca-lo suxeito (do contrario simplemente se omitiría: *¿Onde está?*). En cambio, a localización dunha actividade ou dun proceso faise por medio de *ser* (*¿Onde é o concerto de Budiño?* / **¿Onde está o concerto de Budiño?*), e tamén é posible con este verbo a localización non accidental, permanente, dunha entidade, identificando en cal dos lugares posibles se ubica (*¿Onde é a oficina de correos?* / **¿Onde son os coitelos?*, **¿Onde é Maruxa?*). Isto implica que nuns casos ámbalas construcións se opoñan, con claras diferencias de significado (*¿Onde é Os vellos?* ‘¿en que lugar representan a obra?’ / *¿Onde está Os vellos?* ‘¿en que lugar permanece fisicamente o libro?’), que noutros conflúan con nulas ou moi sutís diferencias (*¿Onde está a igrexa?* / *¿Onde é a igrexa?*) e que noutros se exclúan mutuamente (**¿Onde é Pedro?*, **¿Onde está a final do campeonato?*). Pois ben, *el* / *ela* a penas se usan como Sux. de *ser*, porque estes pronomes non adoitan substituír frases referidas a entidades inmóbles, nin moito menos a actividades ou procesos; é máis frecuente que haxa unha referencia contextual por medio de *iso*, e nesa liña cremos que hai que interpreta-la forma *el* de exemplos coma o seguinte (por máis que o pronome teña o mesmo xénero e número ca *o niño*, de acordo coa exposición anterior, se se preguntase pola localización desa entidade concreta diríase *¿(el) onde está?*)¹⁴:

-Ónde é?... Ónde é? | *-El* é onde o castiñeiro que hai onde a fonte (A Gudiña-OU; Prieto, CC:14; o crego e o rapaz falan dun niño dunha merla).

e) En oracións de indeterminación do axente con *se*, *el* pode enche-lo baleiro dunha inexistente FN que poida

¹⁴ Cfr. port. “-Ele agora será perto daqui ò S. Bento? | -Não sinhora, *ele* inda é lóige. | -Nũ me diga... | -Ele inda bota a mais dũa légua, e das bõs”, “Cumò é isto? -*ele* ero três betões e só cá beijo dous...” (Sequeira 1957:187). Non rexistramos en galego *el* en oracións con Sux. indeterminado e verbo en P6, equivalentes a enunciados do español de América, como “ello dicen que falta gente” (Henríquez 1939:224). En asturiano, a gramática da Academia recolle exemplos como “*ello* yera una vez...”, “*ello* foi una vegada...” (ALLA 1998:143), en que *ello* anticipa o Sux. de oracións predicativas con *ser*.

funcionar como suxeito gramatical (*cfr. fr. on parle; vid. § 4* para outra posible análise dos mesmos contextos):

Na aira, donde *el se* mallaba o liño (Moeche-CO).
Il cóntase que fixo diñeiro nas Américas (Rivas 1989:169).

6. O pronome *el* forma parte como Sux. dunha construción con *ser* destinada a marcar como explicativa a información que segue: *chovía* → *é que chovía*. Normalmente, o lugar do Sux. ou está baleiro ou está ocupado por frases con significado pouco preciso (do tipo *o caso, o asunto, o conto, o certo, a cousa, o feito...*, coma en § 2) ou con oracións de relativo precedidas de *o* invariable (*o que pasa, o que hai, o que temos...*), todas elas sen unha referencia a entidades nomeables como masculino ou feminino; no mesmo lugar tamén é posible *el*, pero non así os demostrativos autónomos (*iso é que chovía* ten outro significado)¹⁵. A súa función é introducir unha información que se relaciona loxicamente con outra anterior, do mesmo ou outro participante no discurso, de xeito que a segunda se presenta como consecuencia ou como explicación da primeira (para *el* coa mesma función conectora, sen se inserir neste esquema formal atributivo, § 7):

El é, dixo a recién casada, que eu son eses limóns redondos que as tías mans aloumiñaban na noite (Cunqueiro, *MF*:58). *El* foi que eu paséi aqués días atente á visita... (Cunqueiro, *MF*:41). Pro todo o sosego en que eu estaba na miña casa, herdado, pra máis, do difunto Colet, dito Caldeiro, torceuse axiña. *El* foi que colleron en Bar-le-Duc a un que decían que era o Xudeo Errante (Cunqueiro, *CS*:62). -Eres ben pequeno!, díxolle Barcas. | -*El* é que son enano, Barcas! E tamén tresmesíño! (Cunqueiro, *XAA*:146).
Il é que vai frío (Rivas 1989:170).

¹⁵ Segundo Henríquez Ureña (1939:217), a expresión esp. *ello es que...*, equivalente, é “una de las fórmulas en que todavía se emplea el pronombre en hablas cultas de donde va desapareciendo; fórmula que no parece anterior al siglo XVIII, pero desde entonces tuvo mucha boga”. *Cfr. port. êle é que...* ‘the fact is that...’ (Dunn 1970:249); “A sobrinha de vossa senhoria apareceu quando a casa ardia. *Ele* é que só de madrugada” (Cabral, *CCA*:189).

Non é infrecuente que na lingua coloquial concorran no mesmo enunciado *el* e un dos sintagmas citados, e en tales condicións resulta difícil establecer se estamos diante dun caso de aposición explicativa de *el* ou dun cruce de construcións:

El o caso foi que... (A Pobra-CO). *Il o caso é* que... (Trasmiras-OU; Alonso Estravis:38). *El o conto é* que... (Avión-OU; Cortizo 1998:15). I-entonces, un día por outro, un día por outro, un día por outro, *el o caso é* que chegaron os khêfes a..., a medir, i-a estaquillar, i-a preparar (Carucedo-LE; ANF:90). *El o caso é* que, chegaron; dispois, aló empezaron a..., as mulleres: «teis que facer un verso do apeadèro» (Carucedo-LE; ANF:90). *El o qui é* que... (Avión-OU; Cortizo 1998:15). Os señoritos que veraneaban por aí, decían “Non hai tales demonios, no hay tales demonios, que eso es la debilidad que tenía en el cuerpo”. *El o caso é que* o rapás enfermou (Bergondo-CO).

7. Hai abundantes exemplos que mostran como *el* pode cumprir-la mesma función conectora ‘explicativo-consecutiva’ descrita na alínea precedente sen necesidade de formar parte, como Sux., dunha construción atributiva; dito doutro xeito, *el* equivale a *el é que* (§ 6), *o caso é que...* (ou a formas conectoras do tipo *pois...* ou *entón, daquela, logo...*)¹⁶. Con frecuencia inicia preguntas que deste xeito atopan a súa xustificación e oportunidade na concatenación co discurso precedente, o que dificulta a operación de xebra-los rexistros desta construción das de ‘*el* interrogativo’. A presenza doutras frases como Sux., a falta de concordancia no verbo e incluso a ausencia de verbo mostran que, na maior parte destes casos, non lle pode ser atribuída a función de Sux.¹⁷:

¹⁶ O mesmo uso existe residualmente en port.: “É corrente juntar-se *ele* a uma frase, referido a tôda ela, como que para anunciar o que se vai dizer: «*ele* num sei s'isso é verdade» (Requião), onde *ele* representa, quanto a mim, o pronome demonstrativo arcaico *elo*” (Vasconcelos 1928:222); en ampla nota a rodapé dá outros exemplos análogos, tomados da linguaxe familiar de Guimarães e contorna ou doutros autores, e ademais pon en relación *el* con *aquilo* (para el sinónimo de ant. *elo*), en usos característicos do port. como “*aquilo* os homens não chegam a vir”.

¹⁷ Cfr. port. do Baixo-Minho “Ele nũ sei cumo é as cousas’stão cada bez mais caras” (Sequeira 1957:187). Por contra, en asturiano emprégase *ello*: “*ello* vieno Xuan y púnxose a trabayar”, “*ello* armóse un tírotéu que nun podíes nin rezar” (ALJA:142).

Y-*él* nunca pensei *que me dixeses eso* (Castropol-AS; Meilán 1980:51). Eu que sei! *Il* a gente... (Trasmiras e Cualedro-OU; Alonso Estravis:38). Porque non estou ben seguro aora si eran..., si eran dezaseis pares un afusal, si eran dezaoitio. *Il* por aí andaban (Cualedro-OU). Pero *el* ár veces tès que creer rabiando (Forcarei-PO; Soto 1995:53). I ela [a santa compañía] pasaba pois como se non houbera a vía, antes de a haber pasaba igual. I *el* despois, desde que había a vía, cruzaba como... coma se non houbera a vía, o mesmo (O Irixo-OU). Y-*él* parecez fato (Castropol-AS; Meilán 1980:51). E *el* quérolles facer unha pregunta (Baralla-LU). ¿I-*él* hei de sacar eu as vacas? (Ribeira de Piquín-LU; Otero 1977:s.v.). E, era ferretería, *el* trataban, ¿non sabes?, qu'andaban de feira en feira, e claro (Riotorto-LU). E bai o tolo, e solt'á porta, solt'á porta polo árbol abaixo, a porta (...) ó sentir aquilo, ¡Madre qu'os pariu!, non quedou un e! | *El* baixa o tolo à scape -e desían qu'era tolo- baixa e recoll'os cuartos e bólbese guiar polo árbol arriba (Pedrafita-LU; Roux:45).
 E non tiña sono i *el* púxenme a contar pombas hastra que adormecín (Cunqueiro, *MF*:43). *El* eu fun a máis nova das fillas do cazador de SEMPLACAT (Cunqueiro, *CS*:42). I *el* eu, a verdade seña dita, coidei que traían a alguén a enterrar a Miranda (Cunqueiro, *MF*:67). *El* eu soio sabía decir: ¡Somos xente probe! ¡Somos xente probe! (Cunqueiro, *CS*:73). DON RAMONCIÑO.- Perguntas, é foi pol-a túa culpa? | LOISA.- Por môr miña... Ah... *il* sería? (*coma decatándose*) (Villar Ponte, *AM*:100).
 E *el* quérolles contar unha cousa (*GDXL*:s.v. EL, ELA).

Por conseguinte, a presenza dun *el* con esta función non impide a concorrencia doutra forma tónica de P3, coa función de suxeito (cortés ou non cortés), coma nos primeiros exemplos, ou na posición de tema destacado, coma no terceiro:

-¿Tes a nena traballando? | -*El* ela fai o que pode (Ribadeo-LU; Baamonde 1977:11). ¿*El* *el* podería darme lume, señor Pedro? (Mugardos-CO) [*el*, forma de respecto, para o señor Pedro]. -¿Que tal o vecín novo? | -*El* *el* aínda non hai queixa [‘el o caso é que, con respecto a el, aínda non hai queixa’] (Ribadeo-LU; Baamonde 1977:11).
 I aparecéu dona sirea tal e como veñen ises fermosos engados nas historias. I *el*, *ela* foi a primeira muller que vin en coiros (Cunqueiro, *MF*:104).

8. No ámbito das funcións informativas, tamén pode formar parte dunha construción tematizadora equivalente a outras non pronominais do tipo *o que é...*, *o que se di...*

Salienta pola súa frecuencia o uso de *el* na construción con infinitivo + forma modotemporal do mesmo verbo¹⁸:

-Ela anda mal... -Pois *il* comer, coméu ('pero o que é comer, ela comeu') (Maceda-OU; Rivas 1985:593). -Il non está na casa / ela non está na casa... -Pois *il* vir veu ('pois o que é vir, el/ela veu') (Maceda-OU; Rivas 1985:593). *Il* nevar, nevóu, que hai neve nos tellados (Maceda-OU; Rivas 1985:593).

El entrar entraron, pero saíulles furada (Rodríguez:s.v. EL). *Il* chover, choveu algo (Rivas 1989:169). -Ela anda mal. | -Pois *il* comer, come coma a grá (Rivas 1989:169). *Il* sair ha de sair o sol, que perder non se perdeu... (Rivas 1989:169). *Il* haber hai que comer (Rivas 1989:170).

9. As gramáticas e dicionarios salientan adoito a existencia dun '*el* interrogativo', sen precisaren moito o seu comportamento e significado. Para moitos falantes é un uso descoñecido ou existente só en certos rexistros escritos, literario ou anticuado; ignoramos en que época se comezou a usar pero hai indicios de que na lingua de hai un século aínda era relativamente habitual e foi esmorecendo co paso do tempo¹⁹:

En las frases interrogativas es costumbre anteponer al verbo la partícula *el* o *il*, que no es otra cosa que el pronombre de tercera persona, usado adverbialmente, y suele ser el principio de toda interrogación, cualquiera que sea el sujeto del verbo; por ejemplo: ¿*Il* volvéu a reina a Madrid?, ¿ha vuelto la reina a Madrid?; ¿*Il* chegaron teus birmáus?, ¿han llegado tus hermanos?» (Saco 1868:161).

De tódalas construcións con *el* invariable é a que tivo máis fortuna historiográfica, seguramente por se-la máis frecuente na lingua coloquial. Así, Saco indica que a "partícula" *el* ~ *il* inicia a oración interrogativa, calquera que

¹⁸ Cfr. port. "Ele haver bruxas há-as, embora os padres não queiram" (Vilela 1995:167).

¹⁹ O exemplo máis antigo que coñecemos (Santiago, nadal de 1875) suscita a dúbida de se se trata dunha marca de modalidade interrogativa ou dun Sux. formal nunha construción impersonal (§ 5b): "GALEGO -¡Ou da casa! *zel* hai licenzia?" (Álvarez Blázquez 1959:161). Zamora (1970:203n) ve nos usos cortesés de *el* no español do s. XVI o equivalente do *el* que "hoy en la Sísterna se emplea para introducir una interrogación, dejando el verbo en forma independiente de este pronombre: *Él*, ¿*gústati*?, *Él*, ¿*cúmu ti chamas*?".

sexa o suxeito desta, co que exclúe toda posibilidade de que se interprete como un pronome que cumpre a función básica atribuíble a forma tónica ‘nominativo’ sen preposición, e ó dicir que tal partícula “no es otra cosa que el pronombre de tercera persona, usado adverbialmente” inaugura a tradición ‘adverbial’ deste uso, que en consecuencia non trata no capítulo dos pronomes persoais senón no dos adverbios (Saco 1868:161)²⁰. Son menos explícitos García de Diego e Aníbal Otero: o primeiro apunta que a función do pronome é “llamar la atención á la pregunta”, e a continuación dá en pé de igualdade, sen ningunha advertencia, exemplos en que hai outra frase Sux. que mantén concordancia co verbo (do tipo *y el ti quieres facelo?*) e exemplos en que *el* pode ser catafórico dunha oración (*el é certo que as botaron?*) ou dun pronome de respecto (*y el como as quer (vostede)?*) (García de Diego:108); para Otero, esta “fórmula gramaticalizada para comenzar la oración” -de onde deducimos que dá por perdido o valor pronominal-, é unha “especie de partícula enfática que sirve para dirigirse a una persona, reclamando su atención con una voz sin sentido, y también para evitar la brusquedad de la interrogación o exclamación” (Otero 1977:85)²¹. Na mesma liña de uso do “pronome” como “reforzamento nas frases interrogativas” se expresan Gallego 2 (1972:86) e Carballo (1979:301); fronte a todos eles, Rivas (1989:169), que non separa este uso das outras construcións de *el* invariable, insiste en que é un pronome neutro e mais en que «se trata de algo mais ca dun reforzo de frase interrogativa, visto que se ve en sintagmas aseverativos». Pola nosa banda, concordamos con Saco en que o feito de se converter nun marcador de modalidade oracional sitúa este *el* no ámbito dos

²⁰ Na mesma tradición parece inserirse Meilán, cando conclúe que se trata de “un elemento adverbial, que serve ademais para enfatizar ás unidades e ó modo oracional interrogativo” (1994:92). Con todo, a pesar do evidente esforzo de sistematización gramatical realizado, noutras pasaxes refírese a ela como a “forma neutra *el*” (o trazo de xénero sitúa no ámbito dos pronomes ou dos determinantes) ou di que “*el*, con valor neutro [...], utilizado sistematicamente en expresións interrogativas” mostra que en galego esta forma se usa “non soamente con valor de artigo senón tamén de pronome” (1994:86).

²¹ Aínda que das súas palabras parece inferirse que o campo é máis amplo, tódolos exemplos aducidos son de oracións interrogativas comezadas por “¿I-él...?”.

adverbios, a pesar da súa orixe pronominal (como ocorreu con outras formas procedentes doutras clases de palabras: *se, que, ogallá...*).

A análise dos relativamente abundantes exemplos orais e literarios achegados permítenos afirmar que, contradicindo unha afirmación moi repetida, a incidencia de *el* non é a mesma nos distintos tipos de construción interrogativa, pois é moito máis frecuente en interrogativas totais, sen dúbida porque estas carecen de pronomes interrogativos no inicio e, en consecuencia, de ningunha outra marca de interrogación fóra da pouco diferenciada liña de entoación:

a) *El* sitúase no inicio de interrogacións directas totais que solicitan a conformidade do alocutario co que se expresa, ou das que alomenos se espera unha resposta concordante coas expectativas do emisor, en sentido afirmativo ou negativo, con independencia de que a formulación da pregunta sexa afirmativa ou negativa (así, por ex., dunha pregunta como “¿e logo estoute mancando?” espérase unha resposta negativa, como de “¿non terás cambio de mil pesetas?” se espera unha resposta afirmativa); nalgúns casos mesmo se trata de exhortacións ou peticións presentadas, por cortesía, en forma de preguntas. O seu significado e función poden asemellarse ós doutras palabras ou sintagmas modalizadores -ben do tipo máis enfático *va que, a que, (non é) verdade que, (non) é certo que...*, ben do tipo *seica, e logo non...*-, e isto sitúa *el* asemade no ámbito dos modalizadores oracionais e no dos modalizadores que informan sobre a posición do emisor respecto do enunciado; o feito de que algunhas destas formas poidan concorrer con *el* (*el é verdade que, el é certo que...*, § 2) lévanos a pensar que ámbalas construcións están emparentadas, e nesta hipótese ¿*El viñeron teus pais?* formariase a partir de ¿*El (non) é certo que viñeron teus pais?* ou sintagmas semellantes. Damos á mantenta exemplos en que non cabe ningunha outra función oracional para *el*, pois hai outra frase Sux. coa que mantén

relacións de concordancia o verbo, nin cabe tampouco que se refira foricamente a outra frase con outra función²²:

E *¿il* podería eu ter unha palabriña co señor San Xosé? (Maceda-OU; Rivas 1985:236). *¿El* tendes por aí un martelo que me poidades emprestar? (*ALGa II*:167). E cando chegou o axuciado preguntoulle: | *¿Il* xa sanou a mái? (Calvos de Randín-OU; Cuevillas & Lorenzo 1930:56 [*a mái* é Sux.]). -*¿Il* foise? | -*¿*Quén? | -Ela (Maceda-OU; Rivas 1985:593). *¿El* hai leite? (Pontearcas-PO; García Represas 1995:53). E cando xa tiña pousado o xerro, espertou o meu pai e preguntoume: | -*Il* fuches pol-a auga do rapaz? (Ourense-OU; López Cuevillas 1936:234).

-Señor sochantre, meu herdeiro! *¿I el* istas carnes novas non merecen unha contradanza? (Cunheiro, *CS*:78). *¿Il* temos de procurar o chicutale no Vicerreinato de Nova Granada...? (Otero, *SR*:7). A lúa chea parecía ollar pasmada prá terra, coma si se espantase...*¿E il* veríaa chea de monstros...? (Fole, *TB*:233). A unha muller dábanlle fregas n-as costas, con augardente; y-ela de cando en vez, decía: | ¡Ai!... ¡Ai!... ¡Ai!... | -*¿Y-él* máncote? / -Non (Lence, *EM*:136). -*¿E il* será mansa? | -Coma un año -respondeume (García Barros, *AAQ*:107). ¡Felipe! *¿el* trás a romba? (Iglesia, *FX*:50).

¿El chegaron teus pais? (Rodríguez:s.v. EL). *¿El* pódese entrar? (Rodríguez:s.v. EL). *¿E el* chegarían xa á casa? (*DLG*:s.v. EL). *¿El* tedes por ahí algún martelo que poidades me emprestar? (Carré 1967:136).

Repárese en particular en formas coma *¿el sí?*, *¿el* + verbo (auxiliar no seu caso)? e *¿el non?*²³, equiparables a outras máis comúns con que se marca que se agarda unha resposta afirmativa ou negativa, respectivamente (*¿non sí?*, *¿non* + verbo (auxiliar no seu caso)? / *¿nonó* ~ *nonón?*, *cfr.* García Represas 1995):

*¿*Xa te mollaches, *el* sí? (Avión-OU; Cortizo 1998:34). *¿El* sí? [‘¿verdade que sí?’] (Rodríguez:s.v.). *¿El* non? [‘¿verdade que non?’] (Rodríguez:s.v.). -E agora vai ser boiña e vai comer todo. | -*¿El* sí, Xoaniña? [‘¿a que sí?, ¿non sí?’] (*DRAG*:s.v.).

Non fixeches caso, *¿el* non? (Avión-OU; Cortizo 1998:34).

Aghora has tomar leite, *¿el* has? (Avión-OU; Cortizo 1998:34).

²² *Cfr.*, en territorio portugués, “O tia Gertrudes, *ele* está i a minha abó?” (Sequeira 1957:187).

²³ *Cfr.* port. “Vieram todos? - *Ele* não (Vasconcelos 1926:291). Para esp. *ello sí*, *ello no*, en “aseveraciones enfáticas”, *vid.* Henríquez 1939:225; o mesmo autor estráñase de que en Cuba empreguen *el sí*, *el no* “como meras aseveraciones, equivalentes a *sí*, *señor* y *no*, *señor*. -*¿Pero tú no has venido a pie?* -*Él sí*.” (*Ib.*:225n), é dicir, o mesmo uso que existe en galego, alomenos no ourensán: *¿el* será un galeguismo?

Sexa a través da redución de fórmulas coma *el non é verdade que* ou do uso de *el* como fórmula de respecto, o certo é que *el* se instalou no inicio de interrogacións que, con extrema cortesía, piden a conformidade; a iso cremos que se refire A. Otero, que coñecía de primeira man estas construcións, cando di que esta “partícula” serve “para evitar la brusquedad de la interrogación o exclamación” (Otero 1977:s.v.). Nalgúns casos mesmo parecen fórmulas fixadas socialmente:

Il pode-se? (Trasmiras-OU; Alonso Estravis:39).

b) En oracións interrogativas totais que se presentan como unha disxuntiva entre a existencia e a non existencia:

Il hai ou non hai festa? (Maceda-OU; Rivas 1989:169).

Puxei forte, e descubrín o segredo dunha grande caixa ferrada. *¿I el aduviñara ou non aduviñara?* (Cunqueiro, *CS*:52). *¿El têmes hoxe, ou nón, amigo Estebo?* (Iglesia, *FX*:16).

¿El queres ou non queres facelo? (Rodríguez:s.v.). *¿E el vindes ou non vindes canda nós?* (*DRAG*:s.v.). *¿El ves ou quedaste?* (Rodríguez:s.v.).

c) Tamén é posible no inicio de interrogacións parciais, nas que ocupa o lugar anterior ó pronome interrogativo, que ten entre as súas funcións ser marcador da modalidade. Entre estes o máis frecuente é *que* usado como N de FN sen prep., e isto é interesante porque -á parte de se tratar do interrogativo máis común- é un pronome referido a entidades inanimadas ou ó contexto, que nunca pode ser substituído (pois neste caso emprégase *cal*: *¿Que queres?* ‘que cousa queres’ vs *¿Cal queres?* ‘que {libro, saia...} queres’); xa que logo, ó seu carón *el* é dobremente redundante, pois a oración xa contaba cun marcador de modalidade e a súa presenza non contribúe a unha mellor precisión referencial de *que*:

¿El que che pasou? [‘¿que foi o que che pasou?’] (Castro de Rei-LU).

¿E el que che se perde tan cedo pola Amañecida? (Cabeza de León, *CV*:52). *¿El que vai ahí?* (Cunqueiro, *VSVI*:28). *¿I el que era o conto da outra familia?* (Cunqueiro, *MF*:98).

¿*El* que fas aí? (*Gallego* 2:86-87). ¿*E el* que dixeron na túa casa? (*GDXL*:s.v. *EL*²).

É menos frecuente o uso ante (prep. +) outros interrogativos, ante *que* non nuclear ou ante prep. + *que*²⁴. Ós problemas mencionados no parágrafo precedente engádesse que o foco orienta a pregunta en dirección distinta do significado de *el*:

¿*I-el* pr'onde vas? (Ribeira de Piquín-LU; Otero 1977:85). -¿*Il* canto me da e non-o come a vostede, nin o boi negro, nin o boi castaño?²⁵ (Calvos de Randín-OU; Cuevillas & Lorenzo 1930:62). Ai, Señor, *él* cantas veces tendes enganado à vosa muller?... (Risco, *BR*:117). Si teu pai non o ten / e túa nai non cho da / ¿*él* de ónde che ven / o la-la-la-lá? (Lanza, *FR*:34). -Pois, cometiche un pecado, cometiche un pecado moi grande. | -¿*EI* que pecado cometin? (Maañón-CO; Vázquez-Monxardín 1992:142). ¿*I-él* qué mau ten? (Ribeira de Piquín-LU; “lit. ‘¿qué mano tiene?’, que quiere decir ‘¿qué modo es el suyo de sujetar (tal cosa)?’”, Otero 1977:s.v. *EL*). -¿*I el* a qué hora poderei deitarme?, -ousóu perguntar o sochantre ó sieur de Coulaïncourt (Cunqueiro, *CS*:32). -¿*EI* por qué naos preguntas? (Cunqueiro, *VSVI*:146).
¿*El* por qué volviche, meu Sinbad? (Cunqueiro, *VSVI*:17). ¿*I el* por qué non aprendes a toca-la gaita? (Cunqueiro, *EM*:74).

Por todo o anterior, cremos necesario considerar que *el* cumpra unha función que non sexa a de marcador redundante de modalidade interrogativa, pois parece evidente que os pronomes interrogativos cumpren esta función de maneira máis inequívoca para calquera falante. Consonte outras construcións con *el* orientadas a marcar informativamente certos elementos (§ 8), nalgúns destes casos a súa presenza semella equivaler á construción atributiva que, hoxe, é a máis usada como focalizador (*el que* ‘que é o que’, *el cando* ‘cando é que’, etc.), aplicada neste caso a salienta-la función de foco que teñen en por si estes

²⁴ Para algunhas destas opcións só coñecemos algúns exemplos literarios, circunstancia que deita certa sombra de dúbida sobre a súa autenticidade, pois ben podería tratarse dunha extensión realizada particularmente por Cunqueiro e outros autores; pero, en calquera caso, son construcións presentes en obras fundamentais da nosa literatura. *Cfr.* ademais port. “*Ele* como diabo se chama o homem?” (Cabral, *CCA*:123), “*Ele* que foi aquilo, Adelaide?” (Cabral, *CCA*:8), *éle como é?* ‘how is that?’ (Dunn 1970:249), “*Ele* qu’horas ero cando tu tchigastes?” (Sequeira 1957:187).

²⁵ Parece descartable que sexa un *il* de tratamento, porque a seguir usa *vostede*.

pronomes; isto sempre e cando non sexan usos de *el* conector consecutivo, co significado de ‘e logo’, que daría lugar á mesma secuencia formal (§ 7):

-Pois gustárame ir a isa función no adro de Comfront -dixo monsieur de Coulaincourt-, que sempre me tirou moito o teatro. | -¿I *el* que arrepresentan? -inquiriu o médico Sabat [‘¿E que é o que representan?’, ‘¿e logo que representan?’] (Cunqueiro, *CS*:102). ¿E *el* que se di á pita? [‘¿que é o que se di ó xogar á pita cega?’, ‘¿e logo que se di...?’] (*Gallego* 2:86-87). ¿I-él pr’ónde vou? [‘¿para onde é que...?’ ou, máis probablemente, ‘¿pois logo para onde...?’] (Ribeira de Piquín-LU; Otero 1977:s.v.). *Il* que hora é, se fai o favor (Trasmiras-OU; Alonso Estravis:38).

Tratamos procuradamente á parte construcións en que *el* e *que* non son contiguos, coma:

-¿I *el* eu que pinto?, -preguntou doído o escribano (Cunqueiro, *CS*:91). A marca de interrogación e o foco están situados en *que*, que non pode ser focalizado por *el* porque se interpón o Sux., desprazado por tematización; na nosa opinión, (*e*) *el* é un conector textual que con certa frecuencia resulta implicado en oracións con modalidade interrogativa.

d) O certo é que son moitos os casos en que resulta difícil discernir se a presenza de *el* no inicio da interrogación se debe a que é un reforzo interrogativo -equivalente a *entón*, *acaso*, *daquela*, *logo*...- ou a calquera das outras causas. Nun exemplo coma:

¿*El* que lle parece? (*DRAG*:s.v. EL),

el podería ser un pronome persoal autónomo, que representa a entidade sobre a que se pide parecer, unha interpretación avalada por outros enunciados con *el* en posición posverbal que só se poden interpretar sendo este o Sux. da oración atributiva (*cf.* § 3), coma no exemplo que segue, en que unha muller se dirixe a un meniño que chora, preguntándolle que lle pasou:

¡Pobriño...! ¿que foi *el*? (Boiro-CO).

Non de raro é imposible saber se se trata dun *el* de respecto dirixido a un alocutario masculino singular (Álvarez 2000), que ten un dos seus contextos máis habituais na interpelación para requirir cortesmente en forma de pregunta:

Cando chegou o demo preguntoulle ô que vendía as uvas e falaron: | *-¿II* veu pasar por aquí un señorito e unha señorita a cabalo de un cabalo? (Calvos de Randín-OU; Cuevillas & Lorenzo 1930:50). Pois logo, *¿el* cando di que marcharon todos? (Tordoia-CO).
El oiéu? veña á có Señor, eu lle nomearéi todo polo craro (Mirás 1864:60). Y *el* como as quer (vostede)? (García de Diego:108).

En frases coma as seguintes non é posible saber se *el* se xustifica porque ocupa, respectivamente, o lugar do Sux. nunha oración con *haber* (§ 5b) e cun verbo meteorolóxico (§ 5a), ou por se tratar dunha oración interrogativa que contén a disxuntiva entre *haber* e *non haber* (*cf. supra*, do mesmo autor, “*II* hai ou non hai festa?”), *chover* e *non chover*:

¿II hai festa ou non? (Maceda-OU; Rivas 1985:593). Había unha néboa pingona. *¿E il* chovería ou non chovería? (Fole, CN:17).

Nestoutros exemplos, en cambio, resulta difícil saber se se trata dun marcador interrogativo ou, respectivamente, da tematización do OD -tan habitual sen preposición na lingua coloquial-, dun uso catafórico, referido a unha frase que vén a seguir do verbo, do Sux. ‘neutro’ de *ha vir*²⁶ (§ 2), ou dun conector textual (§ 7):

Y *el* ti queres facelo? (García de Diego:108).
E acordaron que o que viñera mais logo sería a cabeceira da mesa. | O coello, como era o máis lixeiro, foi o que primeiro chegou cas berzas. | E preguntoulle ô home: | *-¿II* chegou *algún* xa? (Calvos de Randín-OU; Cuevillas & Lorenzo 1930:61). *¿I el* coma decides que se chama, pra poñelo a carta, *o río* onde se afogou a ratiña? (Cunqueiro, MF:123).
Y-*él* sabes cando ha vir? (Castropol-AS; Meilán 1980:51).
¿El non se lle chama máis que don Martiño? (Cunqueiro, EM:113).

²⁶ O autor da monografía, sen dúbida amparado por outros exemplos menos dubidosos, cita como mostra de que «se mantíene como uso ya gramaticalizado la fórmula *y-él* al comienzo de frases sobre todo interrogativas» (Meilán 1980:51).

10. Nalgúns casos, *el* parece ser marca da modalidade exclamativa, que pode superpoñerse ou non á interrogativa, pero que en todo caso comparte marcas con esta. A ela se refire A. Otero (1977:s.v. EL) cando di que *el* serve “para evitar la brusquedad de la interrogación o exclamación”, dando como mostra algún dos exemplos que citamos²⁷:

¡I-él ja cho daré! (Ribeira de Piquín-LU; Otero 1977:s.v.). ¡El tamén son ben caras! [as sardiñas] (Pontareas-PO; García Represas 1994:160). ¡Mestre Farruco!... ¿El é certo? / ¿Ti aquí? ¡Nunca Dios me dera! / ¿Estóu soñando ou desperto? (Curros, *DS*:147). ¡Poido ser teu pai, Sinbad queridoño! ¡Pólas barbas do Profeta, home! ¿El cómo fixeche, meu califiña? (Cunqueiro, *VSVI*:58).

11. *El* pode ter unha función fática, que permite fluí-la comunicación, tanto enchendo os posibles silencios do locutor, coma advertindo ó alocutario de que a canle segue aínda aberta nesa dirección (*cf.* Henríquez 1939:223); co mesmo valor empréganse formas do demostrativo como *este*, *isto*:

-Ai, mi má! | -Qué, fillo, qué? -respondéulle a mai, que o conecera pola voz. | -*El*, Dominjo Dominjez está en casa? (Prieto, *CV*:154).

12. Finalmente, *el* forma parte da conxunción *quel*... (*quel*)²⁸ (< que + el), usada na parte nororiental do territorio:

O pan, *quel* no polvo, *quel* no lodo, botámolo no mes de outono (Navia de Suarna-LU; Rivas Quintas, 1999:412).

Qu'el vexamos ou non a un terceiro animal -planteóulle a serpiente ó teixarego- xa tei-la disputa perdida (Ancares-LE; Poncelas:120-123).

Conclusión

²⁷ *Cfr.* no Baixo Minho: “*Ele* sempre a gente faz cada tolice!”, “*Ele* nũ sei cumo é as cousas’stão cada vez mais caras”, “*Ele* nũ há maneira de bir soll” (Sequeira 1957:187). En asturiano, *ello* pode servir de marca tanto para os enunciados interrogativos coma para os exclamativos (Martínez 1991:36-37).

²⁸ Non hai dictame normativo para a grafía, que ben puidera ser *que el... que el*.

Tódalas construcións anteriores caracterízanse por presentaren ou poderen presentar, alomenos en determinadas variedades lingüísticas, unha forma *el* invariable que nunca é de uso obrigado.

En parte delas *el* cumpre unha función sintáctica (complemento §§ 1-2 ou suxeito §§ 1-6). É unha forma pronominal (invariable: masc. sg.), nalgúns casos relacionada co antigo pronome *elo* (tamén masc. sg. e autónomo), pero diferénciase deste na capacidade para funcionar como Sux., xa desde a lingua medieval, e na maior vixencia na lingua moderna. É tamén forma correlativa de *el(es)* / *ela(s)*, das que se distingue porque estas son substitutos de frases que dictan a concordancia ou, con menor frecuencia, pronomes autónomos en que o referente impón -dun xeito ou doutro- o seu xénero e número, en tanto que *el* invariable ocorre cando non hai lugar para a variación masc. / fem. e sg. / pl. A maior parte destes usos correspóndenlle en canto que pronome autónomo; noutros é unha forma pronominal usada foricamente, ben en anáfora -sobre todo referida a frases que conteñen un pronome autónomo (invariable: masc. sg.)-, ben en catáfora, anticipando un suxeito oracional posposto. Polo que respecta á súa función sintáctica, a opción prep. + *el* dáse nos casos en que se presenta de xeito máis evidente como correlato 'neutro' de *el(es)* / *ela(s)*; nos restantes é sempre Sux., ben como redobro dunha oración posposta con esta función, ben como suxeito formal de oracións que carecen ordinariamente del. Con estas funcións alterna no uso con 'cero', a opción máis frecuente, ou con outras formas coa mesma capacidade funcional, se ben non válidas por igual en tódalas construcións: os demostrativos autónomos, particularmente *iso*; frases cun N de significado neutro (*a cousa, o asunto, o feito...*); e diversos sintagmas iniciados por *o que* {haber, pasar, ocorrer...}.

No outro grupo de construcións (§§ 7-12), *el* nin ten carácter nominal nin cumpre funcións sintácticas semellantes ás anteriores. A primitiva forma pronominal converteuse

nunha forma adverbial -salvo en § 12, en que está integrado nunha conxunción-, con capacidade para desempeñar un amplo abano de funcións, coma as de conector textual (non incompatible coa de Sux. nun esquema atributivo que en última instancia persegue esta función, § 6); marca de modalidade oracional -de maneira singular na modalidade interrogativa, mais tamén na exclamativa- ou modalizador que transmite a posición do locutor do comunicado; marcador de función informativa, ben na tematización, ben na focalización; ou apoio cunha función fática. Naturalmente, a alternancia dáse adoito con formas diferentes ás anteriores: adverbios como *entón, daquela, logo...*, expresións como *va que...*, *a que...*, sintagmas iniciados por *o que...* (con verbos distintos ós citados: *o que se di...*, *o que é...*); os demostrativos, non necesariamente ‘neutros’, empréganse só con función fática.

Na exposición procuramos deixar constancia do distinto grao de vixencia destas construcións, mais en todo caso a forma *el* invariable pertence a estilos conservadores e minoritarios. É unha forma en franca retirada, que concluíu na Galicia occidental antes ca na central e nesta antes ca na oriental, o que se traduce na actualidade nunha distribución diatópica que non se deseñaba do mesmo xeito hai algunhas décadas. O feito de se manter sobre todo nas xeracións máis vellas introduce unha variación en grupos sociais que se traduce á súa vez nunha variación diacrónica conducente, de xeito bastante acelerado, a unha reestructuración do sistema sen unha forma que ten un abano funcional moi rico. Salvo, naturalmente, que unha actuación decidida desde o ámbito da planificación lingüística da lingua culta redima da súa condena un trazo con tanta raizame na lingua tradicional.

Referencias bibliográficas e abreviaturas do corpus

- Alameda Anónimo (1936): *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso*. Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño.
- ALGa II García, C. et alii (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Barrié de la Maza.
- Alla Academia de la Llingua Asturiana (1998): *Gramática de la llingua asturiana*. Uviéu: Academia.
- Alonso Estravis, I. (s.d.): *A fala dos concellos de Trasmiras e Qualedro*. 2 vols. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela
- Alonso Montero, X. (1966): *Lengua y estilo de Curros Enríquez*. Tese de doutoramento. Universidad de Salamanca.
- Álvarez Blanco, R. (1980): *O pronomo persoal en galego*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez Blanco, R. (1982): “Sobre a lingua de Cunqueiro: O pronomo persoal”, en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 246-266.
- Álvarez, R. et alii (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, R. / X. Xove [2001]: *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia (no prelo).
- Álvarez, R. (2000): “¡Vivan eles, vivan elas!: achega ó estudio do tratamento en galego”, en *Profesor Basilio Losada: ensinar a pensar con liberdade e risco*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 149-155.
- Álvarez, R. [2000]: “O neutro pronominal: esplendor e decadencia de elo en galego”, en Maia, C. de Azevedo, A. C. Macário Lopes e G. M^a Rio-Torto (eds.): *Homenagem ao Prof. Doutor José Gonçalo Herculano de Carvalho*. Coimbra: Universidade (no prelo).
- Álvarez, R. [2001]: “El foy a primeira vez: testemuños antigos de el invariable”, en *Homenaxe ó profesor Fernando R. Tato Plaxa*. Santiago de Compostela: Universidade (no prelo).

- Álvarez Blázquez, X. M^a (1959): *Escolma da poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV-XIX (1354-1830)*. Vigo: Galaxia.
- ANF Fernández Rei, F. / C. Hermida Gulías (eds.) (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Arquivo Sonoro de Galicia-Consello da Cultura Galega.
- Baamonde Traveso, G. (1977): *A fala das parroquias de Arante e Cedofeita*. Tese de licenciatura. USC.
- Bosque, I. / V. Demonte (1999): *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid: RAE / Espasa Calpe.
- Cabeza de León, S. (1917): *Camiño da vida (cadro lírico musical)*. Almanaque Gallego para 1917. Buenos Aires [CV].
- Cabral, A. M. Pires (1992): *Crónica da casa ardida*. Lisboa: Notícias [CCA].
- Carballo Calero, R. ([1966]1979): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, R. ([1963]1975): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Carré Alvarellós, L. (1967): *Gramática Gallega*. Coruña: Moret.
- Cháinsa Anónimo (1937): *Encuentro y Coloquio Que tiveron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio, é Pepe Alonso, o día 13 de Novembro de 1836, en que se nombrou na--quela vila ó Auntamento Costitucional*. Santiago: Imprenta de D. José Fermín Campaña y Aguayo.
- Cortizo Amaro, J. L. (1998): *O ghallegho dos sete lughares. O ghallegho que se falaba, e inda se fala, nos lughares de Rubillón, Taboaxas, Liñares, Baíste, Penedo, Couso e Acebedo (concello de Avión, Ourense)*. Vigo: ed. autor.
- CPPL Centro de Estudos Fingoy (1972): *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia.
- Cuevillas, F. L. / X. Lourenzo (1930): *Vila de Calvos de Calvos de Randín*. Sant'iago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos

- Cunha, C. / L. F. Lindley Cintra (1984): *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: Sá da Costa.
- Cunqueiro, Á. (1956): *As crónicas do Sochantre*. Vigo: Galaxia [CS].
- Cunqueiro, Á. (1968): *Merlín e familia*. Vigo: Galaxia [MF].
- Cunqueiro, Á. (1961): *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Vigo: Galaxia [VSVI].
- Cunqueiro, Á. (1971): *Xente de aquí e de acolá*. Vigo: Galaxia [XAA].
- Curros Enríquez, M. (1886): *Aires da miña terra*. La Coruña: Biblioteca Gallega [AMT].
- Curros Enríquez, M. (1888): *O Divino Sainete*. La Coruña: Papelería de Ferrer [DS].
- DLG Xove Ferreiro, X. (dir.) (1995): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro / Santillana.
- DRAG García, C. / M. González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG-Xerais-Galaxia.
- Dunn, J. ([1928] 1970): *A grammar of the Portuguese language*. New York: The Hispanic Society of America.
- Lanza, F. (1974): *Falan os de Ribadeo*. [Sada]: Ed. do Castro.
- Fole, Á. (1973): *Contos da néboa*. Vigo: Castrelos [CN].
- Fole, Á. (1976): *Terra Brava*. Vigo: Galaxia [TB].
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Gallego 2 Instituto da Lingua Galega (1972): *Gallego 2*. Santiago de Compostela: Universidade.
- García de Diego, V. ([1909] 1984): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Anexo 23 de Verba. Santiago de Compostela: Universidade.
- García Barros, M. (1972): *Aventuras de Alberte Quiñói*. Vigo: Castrelos [AAQ].
- García Represas, D. (1994): *Estudio da fala de Xinzo (Pontearreas). Contribución á lingüística descritiva do galego*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

- García Represas, D. (1995): “As marcas de certeza na interrogación polarizada en galego”, *Cadernos de Lingua* 11, 53-77.
- GDXL Carballeira Anllo, X. M^a (coord.) (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Henríquez Ureña, P. (1939): “Ello”, *Revista de Filología Hispánica*, 3, 209-229.
- Keniston, H. (1937): *The syntax of Castilian prose: the Sixteenth Century*. Chicago: Univ. of Chicago.
- Iglesia González, F. M^a de la (1882): *A fonte do xuramento*. Cruña: Imprensa e estereotipia de Vincenzo Abade [FX].
- Lence Santar, E. (2000): *Etnografía mindoniense* (Armando Requeixo, ed.). Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Lima, M. Alves (1963): *Matosinhos. Contribuição para o estudo da linguagem, etnografía e folclore do concelho*. [Separata da RPF] Coimbra.
- López Castro, M^a X. (1990): *A fala de Sarria (Lier, Calvor, Castelo). Estudio fonético e léxico*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- López Cuevillas, F. et alii (1936): *Parroquia de Velle*. Compostela: SEG.
- Martínez, J. A. (1991): “Algunos adverbios y construcciones adverbiales del asturiano”, *Lletres Asturianas*, 41, 35-51.
- Meilán García, A. (1980): *Arcaísmo y conservadurismo lingüístico en el concejo de Castropol*. Tese de licenciatura. Universidad de Oviedo.
- Meilán García, A. X. (1994): “As expresións neutras galegas: «dixo el que quixo», «el é un tesouro ou non?», «así el fixeron» i «i-el eu que pinto?»”, *Britonia* 1, 85-96.
- Meyer-Lübke, W. (1890-1906): *Grammaire des langues romanes*. Paris: H. Welter Ed.
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana*. Santiago: Establecimiento M. Mirás [edición facsímile: Madrid: Akal, 1978].

- Muñiz, C. (1976): *El habla de1 Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*. Amsterdam: Akademische Pers.
- Normas Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega ([1982] 1995¹²): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: ILG / RAG.
- Otero, A. (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anexo 8 de Verba. Santiago de Compostela.
- Otero Pedrayo, R. (1960): *O señorito da Reboraina*. Vigo: Galaxia [SR].
- Picaños Anónimo (1836): *La Tertulia de Picaños*. Santiago de Compostela: Campaña y Aguayo.
- Poncelas Abella, A. (1987): *Estorias e contos dos Ancares / Historias y cuentos de los Ancares (bilingüe)*. Ponferrada.
- Prieto, L. (1978): “Contos de cregos (Terra de Viana do Bolo)”, *Boletín Auriense*, VIII, 13-48 [CC].
- Prieto, L. (1958): *Contos vianeses*. Vigo: Galaxia [CV].
- Proezas Fernández y Neyra, J. (1810): *Proezas de Galicia*. La Coruña: Imprenta da Vila.
- Quiroga Díaz, X. C. (1986): *Toponimia e caracterización lingüística da parroquia de Vilasante*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Risco, V. ([1928] 1981): “O Bufón d’El-Rei”, en *Escolma de Vicente Risco* (ed. Dpto. Filoloxía Galega). Santiago de Compostela: Universidade, 110-128.
- Rivas Quintas, E. (1985): *A Limia: Val da Antela e Val do Medo*. Ourense: Diputación Provincial.
- Rivas Quintas, E. (1989): *Lingua galega. Historia e fenomenoloxía*. Lugo: Alvarellos.
- Rodríguez, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Roux, M. (1982): *Fala o fistor e faise o día. Algúns aspectos da tradición oral galega na parroquia do Cebreiro*. Sada-A Coruña: Ed. do Castro.
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto y Freire [Ourense: Graf. Tanco, 1967²].

- Sequeira, F. J. Martins (1957): *Apontamentos acerca do falar do Baixo-Minho*. Lisboa: Revista de Portugal.
- Soto Andión, X. (1995): *Estudio lingüístico do galego da Terra de Montes*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Varela Barreiro, X. (1993): “Álvaro Cunqueiro, experimentador nos dominios gramaticais”, en *Congreso Álvaro Cunqueiro*. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991. Santiago: Xunta de Galicia, 61-70.
- Vasconcellos, J. Leite de (1928): *Opúsculos*. Volume II Dialectologia (parte I). Coimbra: Universidade.
- Vasconcelos, J. Leite de (1961): *Estudos de Filologia Portuguesa*: Rio de Janeiro: Livros de Portugal.
- Vasconcelos, J. Leite de (1926²): *Lições de filologia portuguesa*. Lisboa.
- Vázquez-Monxardín Fernández, A. (coord.) (1992): *A cultura popular de tradición oral nos Centros da terceira Idade. Unha experiencia de recollida en Centros de Ourense, Santiago, Tui e Viveiro*. Edición sonora. Santiago de Compostela: Arquivo Sonoro de Galicia-Consello da Cultura Galega.
- Veiga Arias, A. (1966): “Il corre... que...”, *Grial* 14, 492-493.
- Vidal Meijón, A. (1994): *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade)*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Vilar Ponte, A. (1922): *Almas mortas. (Novela dialogada cómico trágica, en tres estancias)*. Ferrol: Céltiga [AM].
- Vilela, M. (1995): *Gramática da língua portuguesa: gramática da palabra, gramática da frase, gramática de texto*. Coimbra: Almedina.
- Zamora Vicente, A. (1970): *Dialectología española*. Madrid: Gredos.